

# VERA QUARTET

[www.veraquartet.com](http://www.veraquartet.com)  
[veraquartet@gmail.com](mailto:veraquartet@gmail.com)

Ganadores do Premio Absoluto na última edición do Plowman Chamber Music Competition, Primeiro Premio no Chamber Music in Yellow Springs Competition e Segundo Premio no M-prize Chamber Arts Competition 2017, o Vera Quartet é actualmente o cuarteto graduado en residencia na Jacobs School of Music da Universidade de Indiana, baixo a tutela do Pacifica Quartet.

Formado no 2015, o Vera Quartet comezou rápidamente forxándose unha reputación. Desde o seu inicio estiveron en residencia na Beethovenhaus en Bonn (Alemania) así como realizando a súa primeira xira internacional por Corea do Sur, actuando no Kumho Art Hall, Seoul National University, e Korea National University of the Arts. Como cuarteto en residencia do Ensemble de Música Contemporánea da Jacobs School of Music durante o curso 2016-2017 baixo a dirección de David Dzubay, o cuarteto colaborou recentemente coa prestixiosa intérprete de pipa Wu Man como parte do China Remix Festival, interpretando o Concerto para cuarteto de cuerda e pipa do compositor Tan Dun. O Vera Quartet está tamén involucrado en varios proxectos sociais. Participaron na gravación do álbum “Bloomingsongs” producido pola Jacobs School of Music’s Musical Beginnings e colaboraron coa Musical Arts Youth Organization de Bloomington impartindo clases aos membros da súa Orquestra Xoven.

En xaneiro de 2017, o cuarteto foi invitado para participar no Robert Mann String Quartet Seminar e o Juilliard String Quarter Seminar en Nueva York, e foi tamén un dos cinco artistas seleccionados polo programa radiofónico de NPR “Performance Today” para pasar unha semana nos seus estudos os como Xóvenes Artistas en Residencia. O Vera Quartet tamén asistiu á Residencia de Música de Cámara del Banff Centre, en Canadá, e este pasado veám, ao Centro para Estudos Avanzados de Cuarteto do Aspen Music Festival and School (EEUU). Alí participaron na estrea no festival de Selene, para cuarteto de corda e cuarteto de

percusión , de Augusta Read Thomas tras colaborar estreitamente coa compositora.

Os eventos máis destacados desta tempada inclúen o debut do cuarteto en Nueva York, no marco da Schneider Concert Series, así como unha xira por España, dentro do ciclo AIE Clásicos en Ruta.

Ademáis de traballar co Pacifica Quartet, o Vera Quartet ha recibido consellos dos membros de importantes cuartetos como o Juilliard, Brentano, St. Lawrence, Tokyo, American, Mendelssohn, e London Haydn así como de músicos de renome como Atar Arad, Mauricio Fuks e Peter Stumpf.

# Pedro Rodríguez Rodríguez

Pedro Rodríguez, membro fundador do Vera Quartet, naceu en A Coruña, España, onde comenzou os seus estudos musicais á idade de catro anos con Jesús Fernández Llana. Posteriormente accedeu á Orquesta Xoven da Sinfónica de Galicia, onde estudou con Deborah Hamburger e máis adiante se trasladou a Alemaña, onde obtivo o Künstlerisches Diplom da Hochschule für Musik und Theater de Munich, baixo a tutela do profesor Ingolf Turban. Continúa a súa formación en Barcelona, na Escola Superior de Música de Catalunya coa profesora Raquel Castro Pego. Pedro posúe un Performers Diploma in Solo Performance, y na actualidade encóntrase rematando un Artist Diploma na Jacobs School of Music co mestre Mauricio Fuks. Participou en clases maxistras e festivais en Europa e Estados Unidos con músicos da talla de Vadim Repin, Rainer Schmidt, Milan Vitek, Yuval Gotlibovich, Mauricio Fuks, Ana Chumachenco o Koichiro Harada.

Durante os seus estudos, Pedro recibiu o apoio económico de prestixiosas institucións, como a Deputación da Coruña, Xuventudes Musicais de Madrid, a Jacobs School of Music e a Fundación La Caixa.

Laureado en varios concursos, Pedro obtivo o Segundo premio no concurso “Villa de Llanes” en Llanes, en 2005, Primeiro Premio e Premio especial ao Mellor Intérprete de Corda no Concurso Nacional “Intercentros Melómano” celebrado en Madrid en 2006, e premio do público no concurso “Forum Musikae” en Madrid, en 2012. Como solista tocou ca Orquesta Chamartín no Auditorio Nacional en Madrid, a Real Filharmonía de Galicia en Santiago de Compostela e Ferrol, a Orquesta Sinfónica de Galicia e a Orquesta Gaos na Coruña.

# Patricia Quintero García

Patricia naceu na Habana (Cuba), e comenzou os seus estudos á idade de 8 anos. Gradúase en 2007 en Music Violin Performance no Instituto Superior de Arte da Universidad da Habana. Desde entón participou como solista ca Orquestra de Cámara da Habana e a Orquestra Filarmónica de Caracas (Venezuela).

Patricia, unha ávida música de orquestra, traballou como Concertino na Orquestra Sinfónica de Ópera e Ballet de Cuba e na Orquestra de Cámara da Habana ao longo de seis anos, actuando nas principais salas do país.

Actuou baixo a batuta de directores de renome como Claudio Abbado, Gustavo Dudamel, Francesco Belli, así como ten recibido clases maxistras de Paul Kantor, Gidon Kremer, Nicholas Kitchen e Nadja Salerno.

Fundou o Havana String Quartet y como primeiro violín colaborou con artistas como Leo Brouwer, E. Gismonti, Edin Karamazov e o Borromeo Quartet.

Patricia posúe un Master en Violin Performance da Universidad of Southern Mississippi e un Performance Diploma da Jacobs School of Music, onde estudia co profesor Mauricio Fuks.

En abril de 2016 únese ao Vera Quartet y na actualidade está a realizar un Performance Diploma in Chamber Music co Pacifica Quartet.

# Inés Picado Molares

Naceu en A Coruña, Inés formouse no seo da Orquestra Xoven da Sinfónica de Galicia e no Conservatorio da Coruña tutelada polos profesores Luis Magín, Jeffrey Johnson, David Quiggle e Eugenia Petrova. En 2010 gradúase no Conservatorio Superior de Música de Asturias con Matrícula de Honra. Entre 2008 e 2011 estuda na Escola Superior de Música Reina Sofía cos profesores Diemut Poppen, Nils Mönkemeyer, Heime Müller e Marta Gulyas. No 2013 recibe un Master of Arts in Music Performance Cum Laude do Conservatorio della Svizzera Italiana baixo a tutela do profesor Yuval Gotlibovich. En 2015 e 2017 obtivo un Performer Diploma in Solo Performance e un Artist Diploma da Jacobs School of Music da Universidad de Indiana, onde traballou cos profesores Mauricio Fuks e Atar Arad. Inés é membro fundador de Vera Quartet, actualmente cuarteto graduado en residencia da Jacobs School of Music.

Participou en clases maxistras con músicos de renome internacional como Gerard Caussé, Günter Pichler, Valentin Erben, Hariolf Schlichtig, Kim Kashkashian, Paul Neubauer, Raquel Castro, Nobuko Imai, Roberto Diaz, Wolfram Christ ou Yizhak Schotten.

Inés foi becada por importantes institucións como la A.I.E., Deputación Provincial da Coruña, CajAstur, Fundación Albéniz, Grupo Inditex, Xuventudes Musicais de Madrid, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Fundación Fulbright, Jacobs School of Music e Fundación la Caixa. Entre 2010 e 2011, recibiu de mans de S. M. a Rainha Dona Sofía, os premios á alumna máis sobresainte da Cátedra de viola e ao mellor cuarteto de Cámara respectivamente da Escuela Superior de Música Reina Sofía. Inés obtivo o primeiro premio no Concurso de Solistas Illa de Menorca-Fidah (2011), ademáis do premio absoluto á mellor intérprete de corda e o terceiro premio no Concurso Nacional Intercentros-Melómano (2009).

En novembro de 2012 foi contratada pola Orquesta Mozart para actuar no hMusikverein de Viena baixo a batuta de Claudio Abbado, e realizar una grabación para o selo Deutsche Grammophon. Inés colaborou en numerosas ocasións ca Orquestra Sinfónica de Galicia e traballou con mestres como Víctor Pablo Pérez, Alberto Zedda, Pietro Rizzo,

Michael Gilbert, James Judd, Zubin Mehta, Ros Marbá, Wolfram Christ, Zoltán Kocsis ou Peter Eötvös. Desde agosto do 2015 Inés é membro da IU New Music Ensemble, baixo a dirección do profesor David Dzubay.

Como solista tocou con orquestras como a Orquestra Sinfónica de Galicia (Festival Mozart, A Coruña, 2008 e 2012), a Orquestra Gaos, Orquestra de Cámara de Menorca (2011) e en no 2015, tras gañar o Concerto Competition, interpretou o concerto de Schnittke coa Philharmonic Orchestra da Jacobs School of Music baixo a batuta de Paul Nadler.

# Justin Goldsmith

O violonchelista Justin Goldsmith nace en Croton-on-Hudson, Nueva York. Comeza a tomar clases de violín á idade de catro anos con Esther Slonczewski e cinco anos máis tarde decide cambiar ao violonchelo. Despois de estudar privadamente con Julie Diesslin August, Peter Seidenberg, Julia Lichten e David Geber, Justin ingresa na Blair School of Music da Universidade de Vanderbilt onde traballa con Felix Wang. Tras recibir o título de Bachelor, continúa os seus estudos na Jacobs School of Music da Universidade de Indiana, onde obtén un Master e estuda co profesor Peter Stumpf. Na actualidade Justin está a realizar un Performer Diploma como chelista do Vera Quartet, o cuarteto graduado en residencia da Jacobs School of Music.

Durante a súa estancia en Vanderbilt Justin foi o chelista principal do 2008 ao 2011 e recibiu o premio Jean Keller Heard ao músico de corda pola súa excelencia no ano 2011. O SEU cuarteto de corda foi seleccionado para representar á Blair School en Aix-en-provence, Francia, no verán de 2011.

Desde a súa chegada á Universidade de Indiana no 2013 foi violonchelo principal en tres das cinco orquestras da Jacobs School of Music e tocou con músicos da talla de Joshua Bell, Joseph Swensen, Atar Arad e Peter Stumpf.

Participou en clases maxistraiss con pedagogos de renome internacional como Laurence Lesser, Paul Katz, Steven Doane, Mark Kosower e Steven Isserlis y ten participado en numerosos festivais de orquestra por todo o mundo, traballando con directores como Naoto Otomo, Michael Gilbert, Scott Yoo, Matthias Bamert, Stéphane Denève e François-Xavier Roth. Actualmente toca un violonchelo construído no 2014 por Jason Viseltar, Nueva York.